





OS REIS CATÓLICOS

Inclúe a Pregunta para desenvolver nº1:
A nova monarquía dos Reis Católicos (unión
dinástica, reorganización político-administrativa).


2º Bach. - IES Mendiño – 2024/2025
Prof. Xael Díaz Alonso



A UNIÓN ENTRE ISABEL E FERNANDO

A UNIÓN ENTRE ISABEL E FERNANDO

- ♦ Os que serían **Isabel I de Castela** e **Fernando II de Aragón**, ambos membros da **dinastía Trastámara**, casaron en 1469, sendo un polémico matrimonio.
- ♦ Acadaron o trono castelán tras a vitoria nunha **guerra civil** contra Juana “a Beltranexa”.



A UNIÓN ENTRE ISABEL E FERNANDO

- ♦ Juana “a Beltranexa” era filla de Enrique IV, irmán de Isabel e anterior rei de Castela.
- ♦ Era apoiada polos reis de Portugal e Francia, ademáis de membros da nobreza (que temían unha monarquía forte e autoritaria).




A UNIÃO ENTRE ISABEL E FERNANDO

- ♦ **Isabel** foi apoiada pelo rei de Aragón, Juan II (pai do seu marido Fernando), pela pequena nobreza e pela oligarquía das cidades.
- ♦ A batalla de Toro marcou o desenlace da guerra civil, que acabou em 1479 co **Tratado de Alcáçovas** (onde Juana renunciou aos seus direitos sucesorios).



A UNIÓN ENTRE ISABEL E FERNANDO



A UNIÓN ENTRE ISABEL E FERNANDO



- ♦ En 1479 Fernando accede ao trono de Aragón. **Unificábanse** así os dous maiores reinos peninsulares, pero só a nivel matrimonial.
- ♦ Xa se pactara na Concordia de Segovia (1475) entre Isabel e Fernando que **ambos reinos se gobernarían conxuntamente** (*“tanto monta”*), pero **manterían a súa total independencia política**.



A UNIÓN ENTRE ISABEL E FERNANDO



A UNIÓN ENTRE ISABEL E FERNANDO



A UNIÓN ENTRE ISABEL E FERNANDO



A UNIÓN ENTRE ISABEL E FERNANDO



A UNIÓN ENTRE ISABEL E FERNANDO



A UNIÓN ENTRE ISABEL E FERNANDO





REFORMA POLÍTICA E ADMINISTRATIVA

REFORMA POLÍTICA E ADMINISTRATIVA

- ♦ Os Reis Católicos acometeron unha importante **reforma política e administrativa**; son considerados como iniciadores da transición do Medievo á **Modernidade**.
- ♦ As reformas estaban orientadas a fortalecer o poder real fronte á nobreza, apoiándose nas cidades. Nace así a **monarquía autoritaria**.



REFORMA POLÍTICA E ADMINISTRATIVA

- ♦ Malia o goberno conxunto dos Reis Católicos, **mantivéronse as institucións de cada reino** e a lexislación foral (os “privilexios forais”, eliminados polos Decretos de Nova Planta de Felipe V).
- ♦ As reformas foron moito **máis significativas en Castela** que nos territorios de Aragón.



REFORMA POLÍTICA E ADMINISTRATIVA

- ♦ Introduciron un **vicereí** en cada reino e o método da **insaculación** para escoller aos altos cargos.
- ♦ Consolídase a figura do **correxidor** como representante do poder real nas cidades de reguengo castelás, con funcións xudiciais e policiais.
- ♦ Creouse a **Santa Irmandade** como corpo policial para controlar o mundo rural e á nobreza levantisca.



REFORMA POLÍTICA E ADMINISTRATIVA



REFORMA POLÍTICA E ADMINISTRATIVA

- ♦ As **Cortes** (reunión dos estamentos privilexiados e os representantes das cidades) **convocáronse cunha menor frecuencia**.
- ♦ Para o goberno dos territorios e os asuntos do reino gañou importancia o **Consello Real ou Consello de Castela** (órgano consultivo formado por letrados, nobres e eclesiásticos de confianza rexia).



REFORMA POLÍTICA E ADMINISTRATIVA



REFORMA POLÍTICA E ADMINISTRATIVA



REFORMA POLÍTICA E ADMINISTRATIVA

- ♦ As decisións dos monarcas eran executadas polos diferentes **Consellos**. Había de dous tipos: territoriais (Castela, Aragón...) e temáticos (Facenda, Inquisición...).
- ♦ O **Consello de Facenda** pretendía mellorar os ingresos e fortalecer a burocracia e o exército real.
Ingresos: quinto real do comercio americano, impostos a mudéxares e xudeus e rendas eclesiásticas.



REFORMA POLÍTICA E ADMINISTRATIVA

- ♦ Creouse un **sistema xudicial centralizado**. O obxectivo era crear institucións que estiveran por riba do vello sistema xudicial feudal desempeñado polos señores.
- ♦ Creáronse uns tribunais reais de apelación (as **Chancelerías** ou “Chancillerías”, en Granada e Valladolid) e as **Audiencias**.



REFORMA POLÍTICA E ADMINISTRATIVA

- ♦ Foi creado o **Tribunal do Santo Oficio da Inquisición** para velar pola unidade relixiosa do reino.
- ♦ Esta **unidade relixiosa** logrouse no ano 1492 tras a conquista do reino nazarí de Granada e a expulsión de xudeus e musulmáns (iniciando así a cuestión dos cristiáns vellos e novos e os conversos).



REFORMA POLÍTICA E ADMINISTRATIVA



REFORMA POLÍTICA E ADMINISTRATIVA





REFORMA POLÍTICA E ADMINISTRATIVA



REFORMA POLÍTICA E ADMINISTRATIVA

- ♦ Falecida Isabel en 1504, Fernando casou con Germana de Foix, quedando Juana I como raíña castelá, se ben foi apartada.
- ♦ Co pretexto dunha guerra contra Francia, en 1515 as Cortes de Castela declararon a **anexión de Navarra**, afianzando o que se chamará “Monarquía Hispánica”.





ÁNIMO CO ESTUDO!